
Cristina Martins: *Línguas em contacto. “Saber sobre” o que as distingue. Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra, 2008, 412 páxinas*

En agosto de 2008 a Imprensa da Universidade de Coimbra publicou o libro intitulado *Línguas em contacto. “Saber sobre” o que as distingue. Análise de competências metalingüísticas de crianças mirandesas em idade escolar*. Esta obra, da autoría de Cristina Martins, supón máis un estudo na investigación que iniciou anos atrás sobre o mirandés e procura determinar en que medida o contacto entre o portugués e o mirandés favorece ou, contrariamente, empece o desenvolvemento de competencias metalingüísticas nas crianzas mirandesas. Igualmente, preténdese recoñecer a relevancia das anteditas habilidades sobre a lingua, relegadas a unha posición subalterna no ensino de idiomas.

Trátase dun estudo que, se ben partilla certa perspectiva sociolingüística e pragmática, está orientado fundamentalmente cara ao campo da psicolingüística do desenvolvemento, pois pretende descubrir cales son os procesos implicados na percepción e representación diferenciada das linguas que levan a cabo as crianzas mirandesas, atendendo á afinidade estrutural existente entre elas e á desigual situación social en que se encontran, porque poderían configurarse como dificultades para o establecemento dunha identidade demarcada de ambas as linguas.

O dito proxecto orixinouse a partir de se constatar a existencia de certos sectores, nomeadamente profesorado e pais e nais do alumnado, que consideraban que o coñecemento do mirandés por parte das crianzas provocaría problemas para unha correcta aprendizaxe do portugués. Neste sentido, xustificaban tal razoamento a baseárense na xa citada afinidade estrutural entre o mirandés e o portugués, o que impediría ás crianzas distinguiren unha lingua da outra. Porén, esta obra parte da premisa contraria, quer dicir, recoñécese que as crianzas mirandesas distinguen os dous idiomas e, como se pode comprobar, os resultados que achegan as pesquisas de Cristina Martins corroboran esta hipótese inicial.

Para a realización desta análise escolléronse crianzas en idade escolar (do 1.º ao 6.º ano escolar), dado que xa terían superada a fase adquisitiva. O que se pretendía descubrir era até que punto elaboran regras de equivalencia e as usan e cales son as capacidades de que se serven para explicaren o que saben sobre as linguas. Noutras palabras, do mesmo modo que teñen capacidade para estableceren comparacións entre enunciados, realizaren conmutacións ou mesmo avaliaren a gramaticalidade de oracións dunha mesma lingua, a constatación de que existen dúas linguas

diferentes é tamén un proceso que remite para o desenvolvemento dun “saber sobre” os diferentes trazos caracterizadores deses idiomas.

Antes do traballo experimental propiamente dito, a autora procede a unha revisión crítica e densa dos fundamentos teóricos que delimitan as competencias do saber lingüístico das do estritamente metalingüístico. Consecuentemente, a autora reflicte sobre os criterios estabelecidos que xustifican esta distinción. Para tal propósito válese de contribucións feitas polas ciencias cognitivas, tendo en conta as dúas teses fundamentais que existen sobre a natureza da facultade da linguaxe, ou sexa, a construtivista e a innatista. Con esta discusión teórica, preténdese demostrar que existe unha interacción entre o coñecemento metalingüístico e o lingüístico e, neste sentido, son as teses construtivistas as que máis desenvolvemento teórico proporcionan sobre a dita relación, aínda que tamén non están ausentes de críticas.

A autora considera que a falta de acordo das propostas relativas á delimitación destes conceptos é a consecuencia de se sustentaren nuns fundamentos teóricos pouco claros. Por tanto, decide asumir como base teórica o Representational Redescription Model de Karmilff-Smith e o Metacognitive Model of Language Skills de Bialystok e Bouchard Ryan, pois estes configúranse como as contribucións máis consistentes que existen sobre capacidades lingüísticas e metalingüísticas. Alén disto, o modelo de Bialystok e Bouchard Ryan xa fora aplicado a investigacións similares en que se avaliaban as capacidades metalingüísticas en crianzas expostas a *input* bilingüe. Con todo, e seguíndomos os postulados de Fishman (1967), concordamos con Martins cando explica que non se trata de falantes ou comunidades bilingües, senón diglósicas, canto que existe unha distribución funcional entre as linguas. A concepción de que se parte fica patente nas seguintes palabras da autora:

A nossa hipótese conduz-nos, assim, á consideração de que o mecanismo metalingüístico é essencialmente, uma componente indispensável ao adequado funcionamento da faculdade da linguagem tal como a conhecemos. Defendemos que o fenómeno metalingüístico é tão inevitável como o próprio fenómeno dito lingüístico, sendo, em sujeitos sem patologias específicas, desencadeado obrigatoriamente, pela presença das estruturas linguísticas adquiridas de um modo interaccional e em contextos de comunicação verbal (Martins 2008: 102).

Unha vez ficaron claros os fundamentos teóricos que subxacen na súa análise, Cristina Martins reflexiona sobre un aspecto fundamental para o seu estudo, isto é, a construción do recoñecemento de L1 e L2 como sistemas diferenciados naqueles casos en que as crianzas se encontraren nun contexto de *input* bilingüe, atendendo nomeadamente á función que, neste proceso, desempeñan as representacións de tipo metalingüístico. Nesta liña, procede a revisar de modo crítico os datos existentes sobre o desenvolvemento das capacidades metalingüísticas en crianzas bilingües, aínda a

ser consciente de que se trata de estudos dispersos e pouco sistematizados. A maior parte da información que se recolle redunda na idea de que a aprendizaxe dunha L2 estimula o desenvolvemento de capacidades metalingüísticas e contribúe para un mellor coñecemento e dominio de L1. As anteditas mestrias son imprescindíbeis e determinantes na construción de L1 e L2 como entidades diferenciadas.

Nunha tentativa de profundar nesta disciplina, Martins expón e avalía as dúas teses fundamentais sobre o proceso de delimitación de L1 e L2 en crianzas bilingües. Por un lado, postúlase que L1 e L2 son un sistema único que se diferencia á medida que a adquisición das linguas avanza, en canto, por outro lado, se defende a hipótese de se configuraren ambas as linguas como entidades diferenciadas desde o comezo. Porén no plano sociolingüístico e mesmo pragmático esta delimitación entre as dúas linguas non se atesta desde o comezo senón que, polo contrario, esta vai fixándose á medida que os coñecementos lingüísticos e metalingüísticos das crianzas son maiores. Estes non só lles permitirán aprenderen as estruturas de cada lingua, mais tamén as convencións socio-pragmáticas do seu uso.

Os datos analizados, porén, non achegan un conxunto amplo de mestrias metalingüísticas que permitan afirmarmos con seguridade que as persoas bilingües son superiores ás monolingües a respecto da capacidade de obxectivaren a linguaxe. Con todo, considérase unha hipótese plausíbel mais aínda pendente de confirmación a través de datos empíricos. No entanto, cómpre ponderarmos tamén outros factores pois non todos os bilingües presentan o mesmo comportamento ante unha mesma tarefa metalingüística. Noutras palabras, variábeis como a educación, o perfil sociolingüístico, o nivel de competencia activa en relación a L1 e L2 e a idade, entre outros, configuran igualmente un outro tipo de variación dentro do propio bilingüe. A revisión desta bibliografía serve tamén para desmontar algúns discursos que afirman que o bilingüismo é un factor prexudicial para o desenvolvemento cognitivo e lingüístico das crianzas. Todo ao contrario, estamos en condicións de afirmarmos que coñecermos moitas linguas facilitará a aprendizaxe doutras.

Con todo, cómpre establecermos as puntualizacións necesarias pois as crianzas estudadas nos traballos a que se refire a autora presentan un perfil diferente ao dos nenos e nenas mirandesas. Neste sentido son claras as palabras de Martins cando afirma o que segue:

[Os citados na bibliografía] são geralmente oriundos de meios socioculturais favorecidos, linguisticamente educados segundo o conhecido “princípio de Grammont” (i.e., uma língua por cada fonte de input) e expostos a línguas altamente valorizadas nos seus meios de socialização primária. Por seu turno, os sujeitos por nós estudados, crianças mirandesas em idade escolar (1º ao 6º anos de escolaridade), expostos, nas fases aquisitivas, a uma língua minoritária estruturalmente muito aparentada com a maioritária concorrente, educados

num contexto de bilinguismo comunitario marcado por uma forte perturbación diglósica [...] están, convenhamos, muito longe do prototipo dominante nos estudos existentes (Martins 2008: 381).

Convén, xa que logo, termos en conta a situación sociolingüística particular da Terra de Miranda para, deste modo, obtermos resultados relevantes do punto de vista cualitativo. Como se sinala en Martins (1997: 8-14) trátase dunha sociedade diglósica que presenta un proceso de substitución lingüística moi avanzado onde o portugués está a suplantar o mirandés naqueles dominios en que aínda se mantíña, nomeadamente do ámbito familiar. Produciuse na maioría dos casos unha quebra da transmisión xeracional do mirandés. A situación é totalmente negativa no ámbito urbano en que practicamente desapareceu, mentres que no rural se limita a interaccións con persoas idosas. Considerándonos a postura dos profesores sobre a problemática do mirandés é plausíbel afirmarmos que o ensino coadxuvaría no proceso de substitución lingüística.

Con todo, a introdución do mirandés no ensino, a redacción e publicación das Convencións Ortográficas desta lingua e a súa presenza nos medios de comunicación locais e na internet provocou un cambio de actitude a respecto da lingua, pois esta pasou a ser valorizada. Porén, o prestixio que adquiriu nos últimos anos non implicou o uso activo desta por parte da poboación, de maneira que agora goza de maior estatus mais segue a perder falantes. Convén tamén salientarmos que a afinidade estrutural dos dous idiomas é outro dos factores que dificultan a demarcación destes. Mais no caso do mirandés acontece que a variedade de portugués falado nesa localidade (o dialecto de portugués de Tras-os-Montes) presenta aínda máis similitudes coa lingua da Terra de Miranda.

No estudo que Cristina Martins levou a cabo as crianzas foron sometidas a diversas actividades de repetición de palabras-estímulo tanto mirandesas como portuguesas, de filiación idiomática, de tradución e, finalmente, de explicación das diferenzas entre os vocábulos resultantes da tradución. Estas tarefas, cada unha cun grao de dificultade diferente, confirmaron que xa no inicio da súa etapa escolar, aproximadamente aos seis anos, as crianzas teñen unha representación máis ou menos definida das características estruturais de ambos os idiomas. Igualmente, tamén son capaces de identificaren os locutores típicos de cada lingua.

Tamén se verificou que esta representación estrutural se vai afianzando á medida que as crianzas avanza no ensino escolar. Isto é, o maior contacto co código do portugués e do mirandés favorece que as crianzas desenvolvan mestrías metalingüísticas máis complexas. No primeiro exercicio proposto unha mesma persoa pronunciaba as palabras en ambas as linguas, mais ás crianzas informóuselles de que se trataba de dúas persoas distintas: un doutor, no caso portugués, e un labrego no caso do mirandés.

Os resultados obtidos demostran que os nenos e as nenas teñen interiorizado o feito de que un falante de portugués fala de modo distinto a un falante de mirandés. Da mesma maneira, asócianos a camadas sociais e culturais distintas.

Os participantes neste traballo experimental presentaban un perfil variado a termos en conta o sexo, o nivel sociocultural dos pais, o grao de escolarización, a procedencia etc. o que axudou para que se convertese nunha mostra fiel da situación das crianzas dos seis aos doce anos na área de implantación do mirandés. Igualmente, serviu para comprobar até que punto algúns dos comportamentos metalingüísticos que presentaban eran consecuencia da súa exposición a un *input* bilingüe. Non obstante, e tendo en conta que un dos grupos analizados era monolingüe en portugués, todos eles demostraron ter algún contacto co mirandés e, do comportamento de todos eles, pódese concluír que o mirandés subsiste no concello de Miranda do Douro, aínda que non coa vitalidade que sería recomendábel.

En definitiva, os datos obtidos por Cristina Martins posibilitan afirmarmos que as crianzas da Terra de Miranda son conscientes de que o mirandés e o portugués son sistemas diferentes. Con todo, tamén se demostrou que este coñecemento sobre a lingua varía en función de factores como a idade, o grao de competencia en cada lingua etc. Por tanto, demóstrase que o coñecemento de varias linguas por parte das crianzas, desde o comezo será positivo non só para facilitar a aprendizaxe doutras, mais para potenciar e desenvolver as súas capacidades metalingüísticas. Consecuentemente, isto contribuirá de forma favorable para construíren representacións diferenciadas das dúas linguas en contacto.

Finalmente, cómpre resaltarmos a importancia que este tipo de estudos teñen tanto para constatar as competencias lingüísticas e metalingüísticas das crianzas en contextos de *input* bilingüe onde L1 e L2 non gozan do mesmo prestixio, como para detectarmos o grao de substitución lingüística en que se encontra a lingua minoritaria. Os seus resultados favorecerán unha mudanza nas actitudes de boa parte da poboación, nomeadamente porque refutan algúns dos preconceptos existentes sobre a lingua. Nesta liña, e salvando as distancias, trátase dun estudo que serve tamén para reflectirmos sobre a propia realidade da lingua galega, pois a día de hoxe o galego goza dun maior prestixio que en épocas anteriores e ten unha notoria presenza en ámbitos onde, até non hai moito, o castelán era a única lingua posíbel. Porén, a quebra da transmisión xeracional provoca unha perda importante de galegofalantes. O coñecemento deste traballo poderá servir para reorientarmos as nosas valoracións sobre as linguas da nosa contorna e que isto se reflecta nos usos que se fan delas.

Estefanía Mosquera Castro

Referencias bibliográficas

- Martins, C. (1997): “A vitalidade de linguas minoritárias e atitudes linguísticas: o caso do mirandês”, *Lletres Asturianas. Boletín Oficial de l’Academia de la Llingua Asturiana. Principáu d’Asturies* 62, 7-42.
- Fishman, J. (1976): “Bilingualism with and without Diglossia; Diglossia with and without Bilingualism”, *Journal of Social Issues* 23.2, 29-38.